

DECRETO

Vista a proposta das bases da Campaña de Verán + Verán 2026 da Concelleira de Parroquias e Educación, Ana Cristina Martínez Souto.

Esta alcaldía como órgano competente ao efecto, en uso das facultades que me confiren os artigos 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, o artigo 24 do RD Lexislativo 781/1986, de 28 de novembro, e o 61 da Lei Galega de Administración Local de Galicia 5/1997 de 22 de xullo, **RESOLVE**:

Primeiro.- Aprobar o texto das bases que figura como Anexo da presente Resolución.

A alcaldesa, Sandra González Álvarez

Asinado en Tomiño por sinatura Dixital Certificada na data que figura na marxe do presente documento.

DECRETO
Número: 2026-0732 Data: 19/05/2026

Cod. Validación: 33NESEMTMTNXOXGHF4HG2436R
Corrección: <https://tomino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 4



ANEXO

Campaña de Verán + Verán 2026

As túas compras de Verán en Tomiño valen dobre

BASES DE PARTICIPACIÓN

1. A Campaña terá como beneficiarios aos establecementos comerciais ou de servizos do municipio de Tomiño e aos clientes que realicen compras nos mesmos entre o **3 e o 22 de xuño, ambos inclusive**.
2. Quedan **excluídos** desta campaña os comerciantes que desenvolvan a súa actividade en mercados municipais ou a distancia e os comercios de primeira necesidade como panaderías, carnicerías, peixerías, farmacias e supermercados pertencentes a grandes cadeas, pero si **pequenas tendas de alimentación, de ámbito local**.
3. Os establecementos comerciais ou de servizos do Concello de Tomiño que desexen participar deberán solicitalo cubrindo a **instancia que figura na sede electrónica da web tomino.gal**, desde o **26 ao 29 de maio**, se algún dos establecementos interesados en participar tivese dificultades para facer a inscrición na sede electrónica tamén se lle admitirá a presentación en papel no rexistro xeral do Concello.
4. Os establecementos comerciais ou de servizos solicitantes comprométense a manter decorados os seus escaparates, con **elementos naturais e/ou reciclados como base, que resulten vistosos e nos que predominen cores vivas**, como mínimo desde o **3 de xuño ao 1 de xullo**.
5. Os establecementos comerciais ou de servizos adheridos conformarán a **“Ruta Verán+Verán”**
6. Os establecementos comerciais ou de servizos adheridos terán dereito á participación no concurso de premios á mellor decoración.

Premios á decoración da “Ruta Verán+Verán”

- 1º Premio Mellor escaparate **400,00€**
- 2º Premio Mellor escaparate **300,00€**
- 3º Premio Mellor escaparate **200,00€**

Xurado dos Premios

- **Composición do xurado:**
 - 2 representantes do comercio local que non participen na campaña
 - 1 representante do Concello de Tomiño
 - 2 Artistas locais.

A composición definitiva do xurado farase pública o día de inicio da campaña.



- Os membros do xurado percorreren a “**Ruta Verán+Verán**” antes do **16 de xuño**.
 - O xurado emitirán o seu fallo o día **22 de xuño de 2026 ás 20:30h** no salón de plenos da Casa do Concello de Tomiño.
7. Todos os premios están suxeitos á lexislación fiscal vixente, realizándose sobre ditas cantidades as retencións legalmente establecidas. Para recoller os premios será imprescindible a presenza do autor ou autora, ou dun certificado no seu nome. Se o xurado o estimara oportuno algún dos premios podería quedar deserto.
 8. En cada local participante instalárase unha urna na que os clientes que realicen compras entre o **3 e o 22 de xuño**, ambos inclusive, por un valor superior a 20€, poidan depositar o seu ticket de compra. (Premio máximo por persoa 100€)
 9. Os Establecementos comerciais ou de servizos participantes comprométese a custodiar dita urna, que lle será facilitada polo Concello de Tomiño, **ata o día 22 de xuño**.
 10. Os clientes que realicen compras e desexen participar na campaña deberán depositar na urna o seu ticket de compra, escribindo no reverso do mesmo o seu Nome e apelidos, DNI e nº de teléfono. **Non serán premiados os tickets que non conteñan como mínimo o teléfono, o DNI e o nome**.
 11. Os propietarios dos tickets que resulten premiados recibirán un vale de compra polo dobre do valor do ticket depositado, tendo en conta que o importe máximo dos vales será de 100€, aínda que o ticket supere os 50€.
 12. Os vales premiados poderán ser empregados en calquera dos establecementos comerciais ou de servizos participantes na “Ruta Verán+Verán” entre o **25 e o 30 de xuño**.
 13. Os Establecementos comerciais ou de servizos participantes están obrigados a depositar a urna pechada cos tickets participantes na casa do Concello **ás 21:00 h do día 22 de xuño**.
 14. Por orde de chegada, á urna de cada establecemento participante asignáraselle un número. Eses mesmos números depositáranse nun recipiente único. Por sorteo elixírase o número da urna pola que se comezará a extraer o primeiro ticket e continuarase extraendo un ticket por cada unha das urnas seguintes ás do número sorteado en primeiro lugar, ata completar a suma do importe a sortear. Tendo en conta que ningunha persoa pode repetir premio, aínda que sexan de tickets de distintos establecementos.
 15. Iranse extraendo os tickets necesarios ata que a suma de todos eles sexa igual ou inferior a 1.500,00€.
 16. Os tickets nos que os datos dos participantes sexan ilexibles ou estean incompletos serán anulados.
 17. Os nomes, DNI e números de teléfono dos tickets premiados serán recollidos nunha acta que será asinada pola Concelleira de Parroquias e Educación ou pola alcaldesa e por un representante de ADETO.
 18. O Concello de Tomiño emitirá por cada ticket premiado que apareza nesta lista, un vale de compra polo dobre do valor do ticket (máximo 100€), ata un máximo de 3.000€. Para a recollida do vale a persoa premiada deberá facilitar o seu DNI.



19. O Concello de Tomiño porase en contacto telefónico con cada un dos beneficiarios para comunicarlle que o seu ticket resultou premiado.
20. Os vales de compra estarán a disposición dos premiados nas oficinas do Concello de Tomiño desde o día 25 ata o 30 de xuño en horario de 9 a 14 horas.
21. O importe dos vales de compra abonarase por parte do concello de Tomiño mediante transferencia bancaria aos comerciantes ou titulares dos servizos participantes, previa presentación dos vales de compra e as facturas correspondentes, ata o 20 de xullo de 2026.
22. A participación neste certame supón a plena aceptación das presentes bases.

RESUMO DO PROCEDEMENTO:

Data	Actividade
Do 26/05 ao 29/05	Inscripción dos establecementos comerciais ou de servizos
Do 1/06 ao 05/06	Promoción campaña (Medios, RRSS e carteis) e entrega de urnas
03/06	Escaparates e Locais decorados e listos para o inicio
03/06 ao 22/06	Campaña de compra
Antes do 16/06	Visitas do xurado aos establecementos comerciais ou de servizos
22/06	Entrega de urnas no Concello e sorteo dos tickets na casa do Concello
23/06	Fallo do tribunal para proceder á entrega de premios de mellores locais
23/06	Comunicación aos gañadores
25/06/ ata o 30/06	Recollida e emprego dos vales de compra
<u>Ata máx. 20/07</u>	Entrega de vales de compra e facturas correspondentes, para proceder ao abono por parte do Concello de Tomiño dos vales aos establecementos onde se gastaron.

DECRETO
Número: 2026-0732 Data: 19/05/2026

Cod. Validación: 33NESEMTMTNXOXGHF4HG2436R
Corrección: <https://tomino.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 4

